

Programación Xeral Anual Curso 2023-2024

IES Camilo José Cela

Cap. III

(Decreto 324/96 e Orde de 1 de agosto de 1997)

ÍNDICE

1. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES. páx. 2
2. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO. páx. 13
3. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO. páx. 18
4. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA. páx. 19
5. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA páx. 27
6. CONCRECIÓN DO PLAN DIXITAL páx. 30
7. OUTROS PROXECTOS EN QUE PARTICIPA O CENTRO páx. 32
7.1. Plan Proxecta. páx. 32
7.2. CpInclúe páx. 34
7.3. Club de lectura páx. 37
7.4. Club de ciencia páx. 40
7.5. CpInnova páx. 41
7.6. Polos Creativos páx. 42
7.7. Talentos inclusivos páx. 42

1. PROGRAMA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

No presente curso escolar 2023-2024 está prevista a seguinte programación de actividades complementarias e extraescolares, que conta coa aprobación do Consello Escolar do IES Camilo José Cela, en sesión celebrada o **14 de novembro de 2023**.

As actividades relacionadas neste apartado supoñen unha previsión sobre a que se materializará o calendario definitivo. A dirección do centro autorizará ou non autorizará, chegado o momento, a realización efectiva das actividades concretas en función da súa inclusión neste programa e da presentación en prazo suficiente dunha programación axeitada ao definido no título da actividade e ao aproveitamento pedagóxico. Tamén serán elementos importantes que se terán en conta para levar a cabo as actividades a dispoñibilidade de profesorado acompañante, a acumulación de actividades nas mesmas datas, a non interferencia coas sesións de exames de avaliación e a capacidade económica do centro para poder apoiar a actividade.

A filosofía xeral que anima a proposta de actividades para o presente curso continúa en liñas xerais os puntos de interese educativo e pedagóxico que desenvolveu a anterior, isto é: dinamización da lingua, educación emocional e igualdade e educación ambiental. Deste modo tentaremos consolidar as liñas abertas por este equipo directivo ao longo dos últimos catro anos e ir transformando as dinámicas *intra* e *inter* escolares (coas familias, con outros centros educativos e coas institucións e asociación locais) para tirar proveito dos recursos que ofrece a comunidade. No presente curso lectivo, ademais, engadiremos un novo fío condutor a moitas das actividades do centro, que terá que ver coa celebración do 50 aniversario da creación do IES, efeméride que celebraremos ao longo de todo o curso e de diversos xeitos. Este fío condutor materializarase xa desde a creación de logos e distintivos alusivos á traxectoria do instituto.

Na programación de actividades deste curso destaca de novo como eixo vertebrador de moitas delas a participación en tres modalidades dos contratos programa (**CpInclúe**), nunha liña dos **CpInnova**, a participación na convocatoria do **Club de Ciencia** e nos dous programas do **Plan proxecta** solicitados polo centro.

Presentamos as actividades, clasificadas polos departamentos que as propoñen.

Departamento de Lingua Española e Literatura

- Asistencia á representación teatral, ofertada pola empresa Recursos (HazTeatring): *Bodas de sangre* de Lorca co alumnado de Bacharelato.
- Como outros anos, participaremos nas actividades organizadas pola *Fundación Camilo José Cela*, con motivo do aniversario do escritor padronés. Tamén visitaremos á exposición permanente da mesma *Fundación Camilo José Cela* para achegar ao alumnado as distintas facetas do Nobel: escritor, académico, dinamizador cultural, viaxeiro, pintor...
- Intentaremos asistir a algunha proxección cinematográfica para escolares (sesións matinais que a Sala Numax en Santiago programa para estudantes de Educación Secundaria e Bacharelato).
- Invitación a algún autor ou autora para a presentación de libros, recitais poéticos, sesións de narración oral...

Departamento de Latín

- Procurarase acudir aos Ludi Compostellani, que se veñen celebrando os últimos anos en Santiago de Compostela na Facultade de Filoloxía, co alumnado de 4º de ESO e de 1º e 2º de Bacharelato.
- Barállase tamén a posibilidade dalgunha visita a un lugar de interese da cultura romana en Galicia, co alumnado de 4º de ESO, 1º e 2º Bacharelato.

Departamento de Lingua Galega e Literatura

1ª AVALIACIÓN

- Asistencia á obra de teatro *A Parábola do Angazo* no Teatro Principal (Santiago) para todo o alumnado de Bacharelato. Farase en colaboración co departamento de Lingua Castelá dado que, a continuación, visitarán unha exposición sobre Federico García Lorca.
- Vista ao centro da filóloga e musicóloga Paulina Ceremuzynska que fará un obradoiro-concerto sobre as cantigas medievais galego-portuguesas (3º de ESO e 1º de Bacharelato).

- Obradoiro de contacontos a cargo de Celso Fernández Sanmartín co motivo do Samaín. Actividade compartida coa Biblioteca dado que, con base neste obradoiro, se fará desde ela un concurso de relatos orais (1º e 2º de ESO).

2ª AVALIACIÓN

- Roteiro da *Esmorga* e posterior visita a Trasalba (4º de ESO e 2ª de Bacharelato), xa que son os cursos nos que se estudan os escritores Eduardo Blanco Amor e Ramón Otero Pedrayo.

- Visita á Casa Museo de Manuel María en Outeiro de Rei (Lugo) para o alumnado de 4º de ESO. Realizarase conxuntamente co departamento de Xeografía e Historia para aproveitar a viaxe e traballar cuestións relacionadas con esta materia. Malia que tentaremos levala a cabo na 2ª avaliación, é posible que se precise adiala para a 3ª, dependendo da dispoñibilidade da Casa Museo.

3ª AVALIACIÓN

- Visita co alumnado de 3º de ESO á Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón que se completará coa Ruta Rosaliana.

- Roteiro por Santiago de Compostela arredor da obra de Xosé M. Neira Cruz *O Enigma de Santiago* (libro de lectura obrigatoria) para 2º de ESO. Completarase a mañá coa visita ao Museo do Pobo Galego.

- Visita ao Museo do Pobo Galego e ao Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) para 1º de ESO.

Departamento de Inglés

O Departamento de Inglés levará a cabo saídas didácticas ou actividades no centro: representacións teatrais, espectáculos, proxeccións de cine... que poderá concretar ao longo do presente curso escolar, o que se fará constar na correspondente acta de reunión de Departamento e se presentará a aprobación no Consello Escolar.

Departamento de Francés

- **Festinema** (Festival de cine francófono), organizado pola Alianza Francesa. O alumnado poderá ver unha película en VOSE de forma gratuíta (2º ESO). Do mesmo xeito que o curso pasado, a actividade se completa cunha actividade organizada polo Departamento de Xeografía e Historia, relacionada coa arte de Santiago de Compostela.
- Así mesmo o alumnado de francés participará, na medida do posible, en todas as actividades do centro no eido das conmemoracións (25N, Día da Paz, 11 de Febreiro, 8 de Marzo...) establecidas polo calendario escolar, así coma nas que se organizan no Contrato Programa Inclú-T e sobre todo en Iguála-T.
- Teatro coa Compañía RECURSOS: Le Malade Imaginaire (O enfermo imaxinario) de Molière (4º de ESO e Bacharelato)

Outras actividades tanto para a ESO coma para Bacharelato:

- Intercambio de correspondencia ordinaria e/ou electrónica con estudantes estranxeiros en francés (francófonos ou non).
- Proxección de secuencias de películas dobradas ou en V.O. en DVD. para traballar diferentes aspectos relacionados co currículo.
- Concurso de postais de NADAL en formato dixital.
- Degustación de *crêpes* na festa da *Chandeleur* (2 de febreiro).
- Películas na sala Numax de Santiago de Compostela.
- *Fête de la musique* (21 de xuño). O alumnado fará exposicións orais sobre os seus artistas favoritos ou mesmo poderán interpretar algunha canción en francés.
- Exposicións, certames e xogos.
- Excursión a Francia se a solicita o alumnado.

Departamento de Música

Tendo en conta que a oferta de concertos é impredecible e moitas veces repentina, desglósanse unha serie de posibles actividades para levar a cabo por este departamento no curso 2023-2024:

2º e 3º ESO

- Concertos Didácticos no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela.
- Visitas guiadas a museos (Museo do Pobo Galego) e exposicións na Cidade da Cultura e outros lugares de interese.
- Saídas a lugares concretos de interese cultural: Celanova, Ourense (Igrexa de San Salvador...).

A profesora de Música que tamén imparte a materia de PROXECTO COMPETENCIAL, oferta as seguintes actividades para a mesma:

2º, 3º e 4º ESO

En Santiago de Compostela:

- Visita Museo das peregrinacións.
- Exposicións itinerantes na Cidade da Cultura.
- Saída centro histórico da cidade e visita á Catedral.
- Percorrido etapa Camiño de Santiago.

Departamento de Bioloxía

O departamento ten previsto realizar as seguintes actividades e desenvólense a maioría ao longo do segundo e terceiro trimestre. A data exacta terá en conta sempre os acordos tomados na CCP sobre a imposibilidade de levar a cabo ditas actividades nas datas previas ás respectivas avaliacións:

1º ESO

- Saída á feira de minerais en Área Central e Visita ao Museo Luis Iglesias. Santiago Compostela (2º trimestre).
- Visita aos museos coruñeses (DOMUS, Casa dos peixes e MUNCYP). 3º Trimestre
- Saída ao Campus de Vigo, Universidade As Lagoas, Marcosende, Vigo. (Actividade “Dentro do bosque”, CPIInnova).

3º ESO

- Visita aos museos coruñeses (DOMUS, Casa dos peixes e MUNCYP).
- Visita ás Minas de San Fins en Lousame.

- Saída didáctica ao xardín botánico de Padrón.

4º ESO

- Saídas pola contorna para recoller mostras de auga, fungos e plantas (actividades ClaCiencia). Tres trimestres.
- Saída de campo aos ríos Sar e afluentes: observación da biodiversidade do ecosistema fluvial e de ribeira e os impactos aos que está sometido. 3º trimestre.
- Saída alumnado ClaCiencia á praia a Corrubedo, lagoas Vixán e Carregal, duna móbil. (finais de curso, 20 xuño).

1º e 2º BAC

- Visita ao IDIS da Universidade e os distintos departamentos que o integran.
- Visita a distintas seccións do Campus Vida de Santiago de Compostela (Química Combinatoria, Biofarmacia, etc). CIQUS (5 Novembro)
- Visita ao laboratorio de Química farmacéutica da Facultade de Farmacia.
- Saída de campo para investigar fungos, liques e plantas da contorna. 1º, 2º e 3 trimestre.
- Saída alumnado ClaCiencia á praia a Corrubedo, lagoas Vixán e Carregal, duna móbil (finais de curso).

Departamento de Xeografía e Historia

Saídas culturais

1º ESO

- Parque arqueolóxico da Arte Rupestre de Campolameiro .
- Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Vixán e Carregal/ dolmen de Axeitos/castro da Cidá/castro de Baroña.

2º ESO

- Mosteiro do Carboeiro e ruta á ferverza da Toxa.

3º ESO

- Saída relacionada co “Proxecto Terra” (Plan Proxecta).

4º ESO e 1º BACHARELATO

- Illa de San Simón - Museo Provincial de Pontevedra

2º BACHARELATO

- Santiago de Compostela (Pórtico da Gloria/catedral/CGAC). 2º BACH. Alumnado de Historia da Arte.

Departamento de Filosofía

FILOSOFÍA 4º ESO

- Asistencia ao Xulgado de Padrón.
- Encontro con Alfonso Blanco, *youtuber* padronés do Club Ciclista Cortizo.
- Concurso de Ensaos contra a violencia de xénero.
- Viaxe cultural polo Norte: Cantabria e León.

FILOSOFÍA 1º BACHARELATO

- Concurso de Ensaos filosóficos contra a violencia machista: 25N
- Conmemoración performativa do Golpe de Estado falido do 23F de 1981.
- Viaxe cultural polo Norte: Cantabria e León.

PSICOLOXÍA / 2º BACHARELATO

- Visita semanal ao Centro de Día Iglemen. Programa de acompañamento e dinamización das persoas usuarias do Centro.
- Proxecto Divulgamente. Fundación Barrié e Agadea. 10 de outubro en Compostela:
 - Auditorio de La Salle: Conferencia do investigador en demencias senís Carlos Spuch.
 - Visita ao centro de persoal da Asociación Agadea.
 - Visita do grupo de alumnado ao Centro de Día.
- Encontros con profesionais dos campos de aplicación da Psicoloxía:
 - Denis (profesor de Psicoloxía Terapéutica)
 - Xefa do Departamento de Orientación do noso centro.
 - Pedro Lara (Especialista en desenvolvemento e crecemento persoal e activista a prol dos dereitos das persoas con enfermidade mental)
 - Ana Rubines (coordinadora do Grupo de Intervención Rápida -Emerxencias)
 - Psicóloga supervisora do Centro de Día Iglemen de Padrón.

Tódolos cursos anteriores están propostos para a seguinte actividade:

- Encontro coa UTE do Centro Penitenciario de Monterroso dentro do Plan de Prevención de drogodependencias e Visita ao Centro Penitenciario Monterroso (pendente de aprobación).

HISTORIA DA FILOSOFÍA / 2º BACHARELATO

Non se descarta valorar a oferta de actividades que poidan ser ofrecidas por institucións de ámbito local ou provincial ao longo do curso en horario lectivo.

Departamento de Tecnoloxía

- Conferencias, ao longo de todo o curso, fora ou dentro do centro, relacionadas coa Tecnoloxía e as comunicacións.
- Saídas didácticas: Visitas a empresas que teñen unha actividade relacionada ca materia: Finsa, Cortizo e outras...

Departamento de Orientación

As actividades programadas por este departamento figuran nos dous Contrato - programa INCLÚE-TE e EMOCIÓNATE propostos á Consellería para a súa aprobación e coordinados pola xefa do Departamento de Orientación. A súa realización, por tanto, dependerá desta circunstancia.

INCLÚETE

- Obradoiro educación sexual a cargo da asociación Cromosomos X (1º e 2º ESO).
- Programa “Di k non” da Fundación Barrié (3º e 4º ESO).
- Programa “No a las drogas” ca cárcere de Monterroso (1º Bacharelato).

EMOCIÓNATE

- Obradoiro “Porno educar” ca asociación Mucho Gusto (3º e 4º ESO).
- Obradoiro de educación emocional e resolución de conflitos con Exeria Proxecto (1º e 2º ESO).

Departamento de Educación Física

- SEMANA BRANCA DE ANDORRA.

Cursos: 3º e 4º da ESO.

Temporalización: Do 9 ao 16 de decembro.

Breve descripción da actividade: O alumnado recibirá clases de esquí a cargo de monitores especializados, de luns a venres (3 horas de diarias + 3 horas de práctica libre supervisada).

- VISITA AO ECOPARQUE DE MARÍN.

Cursos: 1º e 2º da ESO.

Breve descripción da actividade: xornada de 1 día de duración no Ecoparque de Marín, desfrutando das seguintes actividades no medio natural: circuitos arbóreos de diferente dificultade (escalada, rápel, cordas, etc); tirolina xigante, fútbol humano, e Escape Room.

Departamento de Relixión

–Proxección de películas sobre temas relativos á materia.

- Unha vez vista a película realízase unha sesión de Cine-Forum na que os alumnos/as deben responder a unha serie de preguntas elaboradas pola profesora, e logo terá lugar un debate sobre o tema.
- Terase en conta a atención prestada á película, o respecto co que se trate o tema, o respecto ós compañeiros/as que opinen de distinto xeito ó noso, os turnos de palabras, etc.
- Realización de actividades complementarias a cada unidade didáctica, tanto de reforzo como de ampliación. Aquí inclúense: sopas de letras, encrucillados, preguntas de verdadeiro ou falso, completar mapas conceptuais sobre a unidade a tratar.

Departamento de Física e Química

Para o presente curso, o departamento ten prevista a solicitude de charlas temáticas do programa “A ponte coa USC”, impartidas por profesores da Universidade de Santiago de Compostela e relacionadas coa materia.

A temporalización e os cursos participantes se decidirán unha vez que teñamos coñecemento das temáticas que se oferten para este curso.

Departamento de Matemáticas

O alumnado poderá participar nas seguintes actividades:

- Canguro matemático organizado pola asociación "Canguro Matemático Europeo" (Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO, 1º e 2º de BACH).
- Roteiro de xeometría por Padrón (Alumnado de 1º e 2º ESO).
- Colaboración co departamento de Xeografía e Historia no Proxecto Terra (Alumnado de 3ºESO).
- Outras actividades que xurdan ó longo do curso, organizadas no centro ou fóra do centro: participación en concursos, visitas a exposicións, charlas, asistencia a feiras, obradoiros.....

Departamento de Economía

Para o presente curso programaranse conferencias sobre algún tema de materia económica.

Departamento de Educación Plástica e Visual

- Club de pintura. Darase continuidade durante todo o curso ao club de pintura - xa iniciado no centro en anos anteriores-, aberto tamén a incorporación de novo alumnado que poida estar interesado (Actividade ofertada para todo o alumnado do centro).
- Exposición pictórica “Ollada á terra renacida” do artista *Lestrovenseno* claustro do convento do Carme (Padrón) para 1º, 3º e 4º da ESO.

Para 1º e 3º da ESO:

- Saída á Fundación Camilo José Cela para ver o museo e a exposición: **"PICASSO VIVO. EL LEGADO PICASSIANO DE CAMILO JOSÉ CELA"** (1º ESO).
- Visitas a espazos expositivos da contorna (Casa museo de Rosalía de Castro, Fundación Camilo José Cela...): museos, galerías, salas de exposicións... con eventos temporais ou permanentes; visitas guiadas ou non, virtuais ou presenciais.
- Charlas informativas impartidas por profesionais relacionados coa materia e de interese para o alumnado.
- Participación en distintos premios e concursos, dentro e fóra do centro, para axudarlles a presentar un proxecto e animalos a poñelos en práctica eles mesmos nun futuro.
- Participación en proxectos interdisciplinares: o Departamento de Plástica participará en propostas creativas de diferentes áreas e equipos coma Normalización, Biblioteca, Actividades extraescolares.... Axudará na revista do instituto, en murais, na árbore de Nadal, no Entroido, no acto de graduación de fin de curso, no Proxecto Terra (na iniciativa de arquitectura pedagóxica). Con todas estas actividades preténdese enriquecer ó noso alumnado.

Vicedirección

A vicedirección do centro colaborará con toda a programación de actividades e responsabilizarase da súa coordinación.

No presente curso, desde a vicedirección promoverase e coordinarase:

- A organización das viaxes de fin de etapa do noso alumnado a destinos europeos e fóra da comunidade autónoma. Estas viaxes realizaranse no nivel de 2º de Bacharelato e, se procede, no de 4º de ESO.
- Para 1º e 2º da ESO, charlas do Plan Director: Charlas sobre acoso escolar/Drogas.
- A coordinación polo cincuenta aniversario do IES Camilo José Cela.

2. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

O Proxecto Lingüístico do IES Camilo José Cela está en constante revisión e actualización para a súa adaptación ao contexto do centro e ao ensino e ás materias que se desenvolven nel. No curso 2019-2020 elaborouse o novo proxecto lingüístico, que estará vixente ata 2024.

Proposta de reparto de materias polo idioma en que se imparten.

Realízase a seguinte proposta de reparto de idioma vehicular por materias e niveis para o curso 2022-2023. Hai que ter en conta que a proposta poderá ser axustada puntualmente, co cambio da adscripción de idioma dalgunha materia en función de posibles desequilibrios provocados pola configuración da optatividade nalgún grupo.

1º ESO			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit.	3 h
Xeografía e Historia	3 h	Matemáticas	4 h
Bioloxía e Xeoloxía	3 h	Ed. Plástica e Visual	2 h
Ed. Física	2 h	Relixión	1 h
Proxecto Competencial	1 h	Tecnoloxía e Dixitalización	3 h
Libre Disposición do centro	2 h		
Total	14 h	Total	13 h

2º ESO			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit.	3 h
Xeografía e Historia	3 h	Matemáticas	4 h
Ed. Física	2 h	Tecnoloxía e Dixitalización	3 h
Libre disposición do centro	2 h	Física e Química	2 h
Proxecto Competencial	1 h	Relixión	1 h
Música	2 h		
Total	13 h	Total	13 h

3º ESO			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit	3 h
Xeografía e Historia	3 h	Matemáticas	4 h
Bioloxía e Xeoloxía	2 h	Tecnoloxía	2 h
Ed. Física	2 h	Música	2 h
Ed. en Valores Cívicos e Éticos	1 h	Física e Química	2 h
Proxecto Competencial	1 h	Relixión	1 h
Cultura Clásica	3 h	Ed. Plástica e Visual	2 h
Total	15 h	Total	16 h

4º ESO			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit.	3 h
Xeografía e Hª	3 h	Matemáticas A / B	4 h
Bioloxía e Xeoloxía	3 h	Física e Química	3 h
Latín	3 h	Tecnoloxía	4 h
Proxecto Competencial	1 h	Ed. Física	2 h
Economía e Emprendemento	4 h	Educación Plástica e Visual	3 h
Formación e Orientación Persoa e P.	4 h	Relixión	1 h
Total	21 h	Total	20 h

1ºBACH Ciencias e Tecnoloxía			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit.	3 h
Filosofía	3 h	Ed. Física	3 h
		Relixión	1 h
Matemáticas I	4 h	Física e Química	4 h
Bioloxía, Xeoloxía e CCAA	4 h	TIC I	4 h
Anatomía Aplicada	4 h	Debuxo Técnico I	4 h
Total	18 h	Total	19 h

1ºBACH Humanidades e CCSS			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit.	3 h	Lingua Castelá e Lit	3 h
Economía	4 h	Ed. Física	3 h
Filosofía	3 h	Relixión	1 h
Literatura Universal	4 h	TIC I	4 h
Hist. do Mundo Contemporáneo	4 h	Economía	4 h
Matem. Ap. ás CCSS	4 h	Latín	4 h
Total	22 h	Total	19 h

2º BACH Ciencias e Tecnoloxía			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit. II	3 h	Lingua Castelá e Lit. II	3 h
Hª de España	3 h	Matemáticas II	4 h
Hª da Filosofía	3 h	Relixión	1 h
Bioloxía	4 h	Química / Física	4 h
Debuxo Técnico II	4 h	TIC II	3 h
		Métodos Estatísticos e Num.	4 h
Total	17 h	Total	19 h

2º BACH Humanidades e CCSS			
GALEGO		CASTELÁN	
Lingua Galega e Lit. II	3 h	Lingua Castelá e Lit. II	3 h
Hª de España	3 h	Latín II	4 h
Hª da Filosofía	3 h	TIC II	3 h
Economía e DMN	4 h	Relixión	1 h
Psicoloxía	4 h	Historia da Arte	4 h
Xeografía	4 h	Métodos Estatísticos e Num.	4 h
		Mat. Ap. CCSS II	4 h
Total	21 h	Total	23 h

O Plan Anual de actividades para a potenciación da lingua galega aparece recollido no Proxecto de Fomento de uso do galego do IES Camilo José Cela. No apartado 1 deste mesmo Capítulo da Programación Xeral Anual, aparecen extractadas as actividades complementarias e extraescolares previstas polo departamento e dirixidas ao alumnado.

A composición do EDLG no curso 2023-2024, segundo a proposta **informada en Comisión de Coordinación Pedagóxica o 26 de outubro de 2023**, é a seguinte:

Coordinadora:

Margarita Chamorro Díaz (Departamento de Lingua Castelá e Literatura).

Profesorado:

Ana Isabel Amigo González (Departamento de Lingua Galega e Literatura)

Xosé Lois Gil Magariños (Departamento de Filosofía)

Natividad Paramá Ferreiro (Departamento de Lingua Galega e Literatura).

Alumnado:

Íker Filgueira Blanco (3º ESO)

Samuel Saborido Rodríguez (1º BAC)

Ángela Losas Guerra (1º BAC)

Lucía Casal Liñares (1º BAC)

Persoal non docente:

M^a del Carmen García Cascallar

Expoñemos a continuación as liñas de actuación do EDLG, incluíndo as actividades que afectan a todos os sectores da comunidade educativa.

ACTIVIDADES PRINCIPAIS:

TODO O CURSO

- Xestión e difusión do Blog e da conta de Instagram do EDLG: @iriafala como instrumento de comunicación coa comunidade educativa; publicacións diarias relacionadas coa lingua, cultura, historia, ciencia e literatura galegas.
- Proxeccións na pantalla da entrada.
- Nomeamos as aulas.
- Asistencia a representacións teatrais en galego.
- Difusión a través do Instagram de saídas culturais do alumnado.
- Recompilación de material para a Revista Leliadoura.
- Proxección de curtas e longametraxes en galego.

1º TRIMESTRE

- Actividades para o Samaín: contacontos, cine e concurso de contos de medo.
- Teatro: *O porco de pé* no auditorio de Padrón.
- Teatro: *A parábola do angazo*. Grupo Talía.
- Día da Ciencia en Galego: exposición no centro sobre algunha científica galega.
- Actividades do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Preparación da árbore de Nadal e impresión de tarxetas.
- Faladoiros - coloquio con mulleres emprendedoras da nosa contorna.

2º TRIMESTRE

- Recital poético - musical. Día da Paz.
- Festival de Entroido.

- Día de Rosalía e da poesía: recital poético no centro, ofrenda de flores no Espolón de Padrón xunto con outros centros da vila.
- Recital virtual co CEIP López Ferreiro de Santiago.
- Días dos Afectos: edición de postais, textos e mensaxes; reparto entre o alumnado.
- Encontro con escritoras e escritores: por determinar.

3º TRIMESTRE

- Día da muller e a nena na ciencia: exposición sobre mulleres científicas elaborada polo alumnado.
- Encontro da científica galega María de la Fuente co alumnado do centro.
- Difusión na rede do traballo de diferentes mulleres científicas.
- Mes das Letras: mesas temáticas de conversas sobre Luisa Villalta.
- Exposición no centro sobre a súa vida e obra. O libro da túa vida: exposición das reflexións sobre os libros que marcaron aos nosos alumnos.
- Día da visibilidade lésbica: exposición sobre mulleres lesbianas na historia, ciencia, etc.
- Visitamos os nosos maiores na residencia de día de Santiago de Compostela.
- Edición dixital da revista Leliadoura.
- Xornada de intercambio co CEIP Iria de Padrón.
- Exposición no centro: mulleres científicas.

3. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.

O equipo directivo do IES Camilo José Cela continúa no presente curso apostando pola formación do profesorado nos centros educativos. No curso anterior, dada a necesidade de realizar o Plan Dixital de Centro, o Plan de Formación Permanente do Profesorado centrouse na liña de traballo que se centraba na elaboración deste plan e na mellora da competencia dixital. Este curso, en cambio, optouse por escoller, segundo a *Resolución do 26 de xuño de 2023*, o itinerario 1 ofertado nesta resolución. A liña escollida para a formación no centro é **Didáctica**.

Neste curso, realizarase un Seminario permanente de 20 horas co título “Metodoloxía e posibilidades de traballo nun polo creativo”. A temporalización prevista é a seguinte:

Data de comezo: 11 de xaneiro de 2023. Data de remate: 22 de febreiro de 2023.

As actividades formativas e reunións de traballo desenvolveranse os xoves dos períodos mencionados, en sesións de tres horas (de 16:15 a 19:15) ou de dúas horas (de 16:15 a 18:15). Procurarase que as sesións de docencia sexan presenciais, mentres que para as sesións de traballo en grupo empregarase máis a modalidade a distancia.

A coordinadora do Plan de Formación Permanente do profesorado será este curso a profesora de Inglés María Lorena García Constenla, que ademais é a Coordinadora do Equipo de Implantación do Plan Dixital e de Formación. Este curso a formación vai ser seguida por 15 profesores e profesoras, o **50% do claustro**, o que confirma a vontade de continuar a formación e o interese na formación e na innovación neste eido.

A formación deseñada vai estar aberta a distintas metodoloxías e posibilidades que se abren coa extensión a todos os centros do programa Polos Creativos. En principio, prevese a formación en metodoloxías innovadoras de traballo interdisciplinar, ademais de en ferramentas de edición de son e vídeo e de realidade virtual.

Os profesores e profesoras que participan no curso 2022-2023 son os/as seguintes:

María Nieves Acosta Maceira (Departamento de Lingua Castelá e Literatura)

Ana Isabel Amigo González (Departamento de Lingua Galega e Literatura)

Cristina de Vera García (Departamento de Artes Plásticas)
Emilia Domínguez Millán (Departamento de Economía)
Mercedes Ferreiro Castro (Departamento de Matemáticas)
María José Figueira Figueroa (Departamento de Biología)
María Lorena García Constenla (Departamento de Inglés)
Dolores Sonia Gey Pérez (Departamento de Física e Química)
Manuel González Alvarellos (Departamento de Lingua Galega e Literatura)
María Jesús Parajó Francos (Departamento de Inglés)
Francisco Javier Pérez Boo (Departamento de Xeografía e Historia)
Manuela Rodríguez Beiro (Departamento de Física e Química)
Paula Roel Alonso (Departamento de Biología)
María del Carmen Romero Baleirón (Departamento de Matemáticas)
Ingrid Valero Geli (Departamento de Tecnoloxía)

4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Obxectivos e actividades principais para alcanzalos.

a) Fomentar a lectura e contribuír ao desenvolvemento do *Proxecto lector*. Aumentar o número de lectores e lectoras e ofrecer lecturas máis diversas e de maior calidade. Entre as diferentes actividades para conseguilo, continuaremos co *Club de lectura* e coa recentemente recuperada *Hora de ler*. Temos pensado tamén realizar lecturas públicas e mostras de materiais nos espazos comúns do centro.

b) Considerar a biblioteca como centro de recursos. Neste senso, é imprescindible manexar o concepto de *alfabetización múltiple*, que fai referencia ás novas necesidades con respecto aos medios de comunicación e informáticos. Para logralo, necesitaremos máis ordenadores da biblioteca e mellorar o seu funcionamento co fin de que todo o alumnado poida utilizalos para a busca de información, a elaboración de tarefas e o estudo en xeneral.

c) Manter un catálogo de documentos actualizado, ben clasificado e accesible, co fin de que se poida atopar facilmente a través da aplicación informática Meiga, e de favorecer a autonomía do alumnado. Formarán parte deste obxectivo as seguintes tarefas:

- Elaborar un plan de adquisicións acollendo as suxestións e necesidades dos departamentos do centro, establecendo prioridades en función dunha actualización equilibrada dos fondos.

- Continuar expurgando materiais obsoletos ou en mal estado.
- Cotexar os rexistros do Meiga cos fondos reais e eliminar as baixas.
- Aplicar un sistema de catalogación sinxelo e funcional que facilite o rexistro e a localización dos fondos.

- Organizar unha nova sección para libros que non sexan de ficción, senón relacionados con materias concretas. As seccións en que están os fondos de materias como Ciencias, Historia ou Filosofía consúltanse pouco, quizais porque os libros que poden resultar útiles e atractivos para o alumnado están mesturados con outros máis teóricos e pouco axeitados para o nivel do alumnado de secundaria. Intentaremos seleccionar os libros de cada materia máis interesantes polo seu contido e presentación formal e darlles máis visibilidade na biblioteca.

- Centralizar a xestión de todos os recursos documentais do centro.
- Clasificar o material audiovisual (basicamente cine) para facilitar a súa xestión, a selección de novos fondos e o acceso aos mesmos por parte do usuario.

d) Elaborar un catálogo de recursos da web, seleccionándoos con criterios que atendan á calidade e facilitándolle o seu acceso ao alumnado.

e) Formar os usuarios para que saiban manexar todos os materiais e recursos que se lles ofrecen e na adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento. Para esta tarefa contamos coa colaboración do grupo de alumnado voluntario.

f) Xerar actividades culturais, en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística e cos departamentos didácticos, continuando coa dinámica do ano pasado que tivo unha acollida moi boa.

Estas son as actividades que temos pensado programar:

- Asistencia a sesións de cinema na sala Númax de Santiago e de teatro.
- Asistencia a sesións de narración oral.
- Organización de actividades con autores despois da lectura dalgunha das súas obras.

g) Continuar co servizo de préstamos dos fondos da biblioteca, sempre a través do programa Meiga. Neste momento contamos con dúas modalidades de préstamo: o

xeral, que dá dereito a levar ata tres exemplares durante 15 días; e o do profesorado, co que se poden coller ata 10 exemplares para a aula durante dous meses. Ademais está o préstamo de libros para a Hora de ler, que se realiza por un prazo de tres meses.

h) Normalizar o uso dos libros electrónicos e formar os/as usuarios/as no manexo de plataformas de préstamo de libros electrónicos, como GaliciaLe. Tamén neste apartado contaremos coa colaboración do grupo de alumnado voluntario.

i) Garantir o acceso aos recursos da biblioteca do alumnado con diversidade funcional ou carencias derivadas dunha situación sociocultural ou familiar desfavorecida. Co asesoramento do departamento de Orientación continuaremos adquirindo materiais axeitados ao alumnado con diversidade funcional. E con respecto ao alumnado con dificultades polo seu estrato social, intentaremos garantir a presenza na biblioteca dun número suficiente de exemplares das lecturas obrigatorias e recomendadas e así mesmo dos recursos informáticos que necesarios.

l) Elaborar un horario coa distribución de gardas e tarefas do equipo da biblioteca.

h) Consolidar o grupo de alumnado voluntario, que comezou a funcionar no curso 2016/17 e que no curso 2017/2018 comezou a súa participación na convocatoria de Bibliotecas Escolares Solidarias, na iniciativa Voluntariado na Biblioteca Escolar.

Equipo da Biblioteca.

O equipo da biblioteca está integrado por tres profesoras: a profesora do Departamento de Lingua Castelá e Literatura, Luísa Taboada Conde, como Coordinadora de Biblioteca, no seu cuarto curso no posto; Sonia Rodríguez Díaz, profesora do Departamento de Música, que continuará á fronte do Club de lectura “Galeano” por oitavo curso consecutivo; a profesora do Departamento de Lingua Galega e Literatura, Ana Isabel Amigo González, que se incorpora este ano ao equipo debido á xubilación de dúas veteranas integrantes no pasado curso.

Á parte das profesoras que compoñen o Equipo da Biblioteca, existirá un grupo de profesores e profesoras que terán gardas de atención á biblioteca, co único cometido de mantela aberta e xestionar o préstamo dos fondos.

Está previsto formalizar de novo, ao igual que o curso pasado, o grupo de voluntariado dentro de Plan de Bibliotecas Solidarias, participando na convocatoria deste ano.

Horario da Biblioteca.

O ideal de manter aberta a biblioteca todo o horario lectivo tampouco pode cumprirse no presente curso. Aínda así, aumentáanse as horas de atención e, ao igual que estes últimos cursos, nas horas que non figuran cubertas por ningún profesor ou profesora, a biblioteca estará baixo supervisión dos membros do equipo directivo, que se encargarán de abrir as dependencias se hai demanda do alumnado e de supervisar a actividade da biblioteca durante estas horas non asignadas.

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08h 45 – 09h 35					
09h 35 – 10h 25		Anabel Amigo		Carmen Romero	Anabel Amigo
10h 25 – 10h 45 (recreo)	Nati Paramá	Lucía Rey	Carmen Romero	Natividad Paramá	Carmen Romero
10h 45 – 11h 35	Luísa T.	Luísa T.	Luísa T.	Luísa T.	Anabel Amigo
11h 35 – 12h 25	Sonia R.	Marga Nogueira	Anabel Amigo	M. J. Figueira	Luísa T.
12h 25 – 12h 45 (recreo)	Sonia R.	Anabel Amigo	Anabel Amigo	Lucía Rey	Sonia R.
12h 45 – 13h 35	Sonia R.	Marga Chamorro	Luísa T.		
13h 35 – 14h 25					

Xestión técnica e organización.

Varias das profesoras que conforman o equipo teñen experiencia e formación en bibliotecas escolares, de modo que continuaremos coa revisión global do rexistro de todos os fondos da biblioteca. Trátase de simplificar a catalogación e facilitar a localización, e polo tanto o uso, dos materiais. Ademais, queremos destacar unha sección de libros non literarios, de divulgación das diversas áreas científicas e humanísticas que forman parte da biblioteca. Para este labor contamos coa colaboración dos departamentos didácticos, que nos suxiren os materiais máis novidosos e atractivos para o alumnado.

En canto á organización de tarefas, prevemos que unha das integrantes do

equipo, Sonia Rodríguez Díaz, se encargue dos temas relacionados co *Club de lectura*, como fixo durante os últimos cursos; e as outras se encarguen doutras actividades de fomento da lectura, da formación de usuarias e dos aspectos técnicos: catalogación, adquisición, organización, exposición...

Todos os membros do equipo manexarán o programa Meiga nas súas funcións máis básicas: préstamo, elaboración de carnés, creación de estatísticas, de listas de morosos, etc.

Formación de usuarios/as.

Abordamos a capacitación do alumnado para manexar os recursos da biblioteca a distintos niveis:

- Individualmente, cando unha alumna ou alumno ven buscar un material e pide axuda para atopalo. Para efectuar esta tarefa contamos coa colaboración do grupo de alumnado voluntario que se formou o curso pasado.
- A nivel de grupo, organizamos visitas guiadas á biblioteca e lles explicamos o funcionamento da mesma e como localizar os documentos. Requiren máis atención os grupos que acaban de chegar ao centro e, en todos os casos, esta actuación é máis necesaria no primeiro trimestre.
- A nivel xeral, publicando as instrucións na sección da páxina do centro dedicada á biblioteca ou en carteis colocados na sala.
- Por outra parte, como xa fixemos en cursos anteriores, visitaremos co alumnado máis implicado a feira do libro e a biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela para asistir a actividades de formación de usuarios, realizar visitas guiadas á biblioteca ou participar en actividades de animación á lectura.

Programas de formación para a competencia informacional e mediática.

En colaboración coas titorías, intentaremos mellorar as destrezas do alumnado na procura e no tratamento da información a través da rede e dos medios de comunicación.

Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.

En colaboración cos departamentos, organizaranse actividades de busca de información, que teñen como obxectivo que o alumnado se familiarice co proceso de busca e que aprenda a manexar e localizar distintas fontes.

Tamén proxectamos facer roteiros literarios para coñecer a obra dun autor e a zona en que se desenvolve.

Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora.

- Club de lectura *Galeano*. Continuaremos cos grupos de alumnado da ESO que participaron no Club o curso pasado e, intentaremos crear un grupo para adultos: profesores, persoal non docente e pais e nais.
- Organización da *Hora de ler*. Trátase de que o alumnado de ESO lea na aula textos elixidos por eles/as mesmos/as, que non teñen por que ser de ficción. Cada grupo terá unha hora semanal de lectura, distribuída no horario de forma equilibrada.
- Participación no programa *Adopta un lector ou unha lectora*. Un grupo de alumnos e alumnas do noso centro irán ao CEIP Iria Flavia, situado ao carón do noso instituto, para lerlles contos aos/ás máis pequenos/as.
 - Colocación dun taboleiro de suxestións encamiñadas á adquisición de fondos.
 - Establecemento de puntos de lectura informal fóra da biblioteca.
 - Divulgación dos fondos (especialmente das novidades) e das actividades realizadas na biblioteca por todo o centro educativo.
 - Organización dunha nova sección para libros relacionados con materias concretas como Ciencias, Historia ou Filosofía. Intentaremos dar visibilidade aos libros adaptados ao nivel do alumnado e interesantes polo seu contido e presentación formal.
 - Exposición de todas as lecturas obrigatorias, tanto en galego como en castelán nun andel separado e de fácil acceso.
 - Promoción da creación literaria mediante a convocatoria de concursos literarios aproveitando os acontecementos de actualidade: concurso de relatos de terror no Samaín, e doutras temáticas e noutros soportes, como as mensaxes curtas ou os vídeos.
 - Fomento da lectura en voz alta: para aprender a recitar poemas, as alumnas e alumnos lerán ou recitarán de memoria un poema diante do resto do alumnado, no vestíbulo ou no salón de actos. Poderase acompañar de proxeccións audiovisuais. Contaremos cos departamentos de linguas (galega, castelá, inglesa e francesa) para a selección dos poemas e asesoramento na dicción e pronunciación.

- Invitación a algún autor ou autora para a presentación de libros, recitais poéticos, sesións de narración oral...

Apoio ao desenvolvemento do Proxecto lector de centro. Hora de ler.

- Proporcionarlles aos departamentos didácticos estratexias de comprensión e produción escrita
 - Colaborar coas titorías e cos departamentos na realización de actividades de busca da información en distintas fontes, selección da mesma e produción de materiais propios.
 - *Hora de ler.* Como vén sendo habitual nos últimos anos, continuaremos coa dinámica da *Hora de ler*. Este curso volverase organizar de xeito que na hora semanal que coincida, o/a delegado/a do grupo baixe á biblioteca a buscar a caixa coas lecturas que previamente seleccionaron. A caixa volverá ser levada ao rematar a clase ata a sesión da seguinte semana. Cada grupo terá unha hora semanal de lectura, que se distribuirá no horario de forma equilibrada e alternando as sesións horarias en que coincida para cada grupo.

Ademais, para conseguir que o alumnado manteña o interese na lectura, buscaremos que esta sexa elixida baseándose nas súas preferencias. Se ben é certo que hai rapaces e rapazas que teñen o hábito da lectura e que poden escoller os libros por si mesmos, hai moitos outros que non teñen un criterio claro. Para intentar solucionar este asunto, proporcionarlles aos/ás titores/as actividades de motivación e selección de lecturas.

Apoio a outros programas e proxectos de centro.

Seguiremos colaborando cos departamentos didácticos e co Equipo de dinamización lingüística para a realización de actividades que fomenten a lectura, como exposicións temáticas, concursos literarios, recitado de poemas, visitas e roteiros literarios e outras actividades para a conmemoración de días sinalados (Samaín, Antroido, Día do Libro, Día da Biblioteca, Día Internacional da Muller, Día das Letras Galegas...).

Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.

Aproveitando algún aspecto do currículo, algunha data sinalada, ou algunha actividade concreta, organizaremos as seguintes actividades: realización de vídeos, concursos de busca de información, concursos literarios en soporte informático, por exemplo, mensaxes enviados por chat ou creacións en vídeo...

Concretamente, xa temos programada unha xornada de obradoiros de vídeo para o mes de outubro. Partindo dun texto literario, cada grupo creará un vídeo que se visualizará e, en colaboración co Departamento de Tecnoloxía, se editará no seu momento.

Así mesmo, solicitamos a nosa participación no proxecto *Radio na biblio*, convocado pola Consellería de Educación, que ten como obxectivo a creación dun laboratorio de radio no marco do centro escolar.

Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

Aproveitaremos o espazo que se dedica á biblioteca na web do centro para anunciar as novas adquisicións, as actividades, as recomendacións de lecturas, o catálogo de recursos web...

Tamén difundiremos esta información a través dos taboleiros no centro.

Realizaranse exposicións temporais de fondos da biblioteca en expositores que se colocarán en lugares visibles, como o vestíbulo do Centro.

Procuraremos a mobilización de fondos como cómics, audiovisuais ou gravacións de música, dedicándolles atención prioritaria.

Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.

Buscamos a coordinación coas Bibliotecas Municipais dos concellos de orixe do alumnado (Padrón, Dodro, Pontecesures, Rois) para procurar que dispoñan dos libros de lectura obrigatoria do centro, de modo que o alumnado poida recorrer a estas bibliotecas cando na do centro non estean dispoñibles. Facilitaráselles unha lista coas lecturas a principio de curso para que os encargados e encargadas os teñan a disposición do alumnado.

Se o noso horario o permite, crearemos un club de lectura para adultos, no que poidan participar nais, pais e titores legais dos alumnos.

Seguiremos a colaborar coas bibliotecas escolares galegas mediante o programa *Libros a eito*. Ao mesmo tempo, buscaremos un contacto máis estreito coas bibliotecas do contorno máis próximo, coa intención de sacarllas maior partido aos recursos e de organizar actividades conxuntas. A este respecto, pensamos repetir a experiencia de compartir lecturas cos nenos e nenas do CEIP Iria Flavia, situado ao carón do noso instituto, dentro do programa *Adopta un lector ou unha lectora*.

5. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia do IES Camilo José Cela foi aprobado en claustro o 26 de xuño de 2019 e en consello escolar o 28 de xuño de 2019.

Este curso está prevista a actualización e renovación do Plan de Convivencia. Revisarase o documento e a principal novidade será o recoñecemento e a implementación da nova **persoa responsable de benestar e convivencia**, ao abeiro da *Orde do 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*. A persoa que desempeñará esta función no IES Camilo José Cela será a docente de Economía, **Emilia Domínguez Millán**. As funcións que desempeña a persoa coordinadora de benestar e convivencia veñen definidas no artigo 3 da orde anteriormente citada e, a primeira delas será a de coordinación do plan de convivencia. Estas funcións serán recollidas na actualización do documento, coas específicas que desempeñará no noso centro, como a coordinación do equipo de mediación.

Segundo o artigo 4 da orde anteriormente citada, no Plan de Convivencia integrárase o **Plan de Traballo da coordinadora de benestar e convivencia**. Para o presente curso propónse o seguinte:

a) Introdución.

O Plan de traballo da persoa coordinadora de benestar e convivencia está pensado como unha ferramenta máis para actuar sobre a convivencia no IES Camilo José Cela de Padrón. O noso centro, cuxas características están recollidas no *Documento de Contexto do PEC* (renovado en 2023), parte dunha situación de baixa conflitividade nun alumnado que procede maioritariamente dun medio rural ou vilego.

b) Análise do contexto.

Os rexistros da **conflitividade no pasado curso 2022-2023** son os seguintes:

- Rexistráronse un total de 92 partes de amoestación por condutas levemente prexudiciais cara á convivencia.
- Instruíronse dous procedementos correctores, un deles por acoso escolar.
- Realizáronse averiguacións previas dentro do protocolo contra o acoso escolar
- Realizouse unha mediación por parte do Equipo de Mediación do centro.

c) Obxectivos.

Tendo en conta o contexto analizado, propóñense os seguintes obxectivos para o curso 2023-2024, coas súas correspondentes accións e indicadores:

1. Establecer unha comunicación fluída coa ANPA do centro			
ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Reunión inicial da dirección coa ANPA, unha vez constituída definitivamente esta	■ Dirección.	■ Primeiro trimestre.	■ Realización da reunión.
■ Difusión das medidas de benestar e convivencia entre as persoas membros da ANPA	■ Dirección, Coordinadora de Benestar e convivencia, Orientadora.	■ Primeiro trimestre.	■ Difusión das medidas nunha reunión e co envío dun correo electrónico.
■ Realización de charlas e encontros dirixidos a familias, coa colaboración de entidades externas e dos outros centros educativos, no marco da ENAPA.	■ Dirección, Coordinadora de Benestar e convivencia.	■ Unha actividade no primeiro e outra no segundo ou no terceiro trimestre.	■ Realización cando menos dunha actividade anual, preferentemente dúas.

2. Potenciar o equipo de mediación entre iguais			
ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Contacto co psicólogo formador de persoas mediadoras para a concreción dunha formación.	■ Dirección, Coordinadora de benestar e convivencia	■ Primeiro trimestre	■ Concreción da formación e das datas en que se realizará.
■ Publicidade entre o alumnado do servizo de mediación e da coordinación de benestar e convivencia.	■ Coordinadora de Benestar e convivencia.	■ Mes de outubro.	■ Visita a todos os grupos de alumnado de ESO e BAC.
■ Selección do alumnado candidato á formar o equipo de mediación.	■ Coordinadora de Benestar e convivencia.	■ Primeiro trimestre.	■ Listaxe e autorización do alumnado seleccionado.
■ Realización da formación a cargo de persoal externo especializado.	■ Coordinadora de Benestar e convivencia. Especialista externo.	■ Segundo trimestre.	■ Conformación do novo equipo de mediación e entrega de diplomas acreditativos.

3. Reorganizar os espazos do centro baseándose no criterio do benestar e na convivencia positiva

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Observación da actividade nos recreos para establecer posibilidades de actuación.	■ Coordinadora de Benestar e Convivencia. Profesorado de garda. Dirección	■ Primeiro trimestre.	■ Presentación de, polo menos, dúas propostas de actuación.
■ Selección de espazos e actividades variadas que fomenten o benestar e a convivencia.	■ Coordinadora de Benestar e Convivencia. Profesorado de garda. Dirección	■ Primeiro trimestre.	■ Selección de espazos e usos novos.
■ Acondicionamento de lugares e espazos.	■ Dirección. Axentes externos.	■ Segundo trimestre.	■ Uso dos novos espazos acondicionados.
■ Supervisión do uso dos novos espazos e do patio de xogos.	■ Coordinadora de Benestar e Convivencia. Profesorado de garda. Dirección	■ Todo o curso.	■ Realización de quendas de supervisión.

4. Colaborar cos proxectos solicitados en relación coa convivencia, a educación emocional e a inclusión

ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Informar os equipos docentes sobre a figura da coordinadora de benestar e protección	■ Dirección e persoa coordinadora de Benestar e convivencia.	■ Primeiro trimestre	■ Información en claustro e consello escolar.
■ Colaborar cos programas solicitados na convocatoria CpInclúe.	■ Coordinadora de Benestar e Convivencia. Orientadora	■ Todo o curso.	■ Realización de actividades colaborativas.
■ Achegar propostas que favorezan o benestar e a convivencia.	■ Coordinadora de Benestar e Convivencia.	■ Todo o curso	■ Achega de, polo menos, dúas propostas novas e factibles en relación coa convivencia.
■ Posibilidade de estender o labor do alumnado mediador a outras tarefas de axuda na convivencia e inclusión.	■ Coordinadora de Benestar e Convivencia.	■ Todo o curso.	■ Participación do alumnado mediador en, polo menos, dúas accións relacionadas coa mellora da convivencia e independentes da propia mediación escolar.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan.

O Plan de traballo da persoa responsable de benestar e convivencia será obxecto dun primeiro seguimento nas reunións da **Comisión de convivencia do centro**, a través

das correspondentes actas de reunión. Tamén se realizará seguimento nos **órganos colexiados**, especialmente no claustro e na CCP.

A avaliación do plan realizarase a través da **memoria final de curso** da dirección, onde se revisarán os indicadores de logro establecidos no plan. Tamén se realizará unha avaliación na propia **memoria de convivencia** que faga a persoa responsable, que será adxuntada ao final de curso coa memoria anual do centro.

Outras Actuacións.

Outra actuación que se vai potenciar este curso, en relación co Plan de Convivencia, é o deseño de **actividades e obradoiros de igualdade, educación emocional e afectivo sexual**. Estas accións relacionaranse co Plan de Benestar Emocional e a súa concreción no noso centro. Para a realización destas e outras actividades relacionadas coa convivencia, solicitáronse de novo **tres contratos programa** na convocatoria *CpInclúe*, dentro das liñas INCLÚE-T, EMOCIÓNA-T e IGUÁLA-T.

O Departamento de Orientación asumirá directamente a xestión dun destes contratos programa e colaborará no desenvolvemento dos outros. Ademais, levarase a cabo unha revisión e actualización do **Programa de Habilidades Sociais** que figura como anexo ao Plan de Convivencia e que ofrece unha base de actuación constante e sólida no traballo co alumnado dos aspectos principais da convivencia, a empatía e as relacións entre iguais.

Por outra banda, este curso continuarase coa potenciación da **aula de convivencia inclusiva**, que no pasado curso foi empregada habitualmente para dar resposta educativa a situacións de privación do dereito de asistencia ás clases por correccións disciplinarias. Estes períodos de traballo na aula de convivencia foron de grande aproveitamento didáctico e disciplinario e consideramos que a aula deberá seguir potenciándoos como un espazo moi a ter en conta para a xestión da conflictividade no centro.

6. CONCRECIÓN DO PLAN DIXITAL.

O pasado curso elaborouse o Plan Dixital de centro, segundo as directrices establecidas na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e*

implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Este documento estableceu unha serie de obxectivos e accións que foron sometidos a seguimento durante o curso 2022-2023, acadando un completo grao de cumprimento.

Para o presente curso, débense establecer novos obxectivos e accións. O novo Plan Dixital, aprobado en claustro e consello escolar o 14 de novembro de 2023, establece os seguintes obxectivos:

1. Promover o programa Polos Creativos para fomentar a participación de alumnado e profesorado en actividades que desenvolvan as súas competencias clave.
2. Formar o profesorado mediante un PFPP relacionado co programa Polos Creativos.
3. Fomentar a comunicación coas familias mediante ferramentas institucionais Abalar.
4. Elaborar un protocolo de actuación ante avarías básicas que poden ser resoltas polos propios docentes, poñelo en coñecemento destes e facer un seguimento.

No momento en que se redacta a presente programación, os dous primeiros obxectivos xa están en proceso.

Estes obxectivos concretaranse nas accións que se establecen no mesmo documento, das que destacamos os seguintes aspectos que se erixirán en liñas de potenciación da competencia dixital entre a comunidade educativa:

- Progresar no emprego de ferramentas dixitais polo profesorado.
- Potenciar a figura do coordinadora TIC, que engloba as funcións de seguimento do Plan Dixital, potenciación da formación, supervisión, asesoramento e apoio á comunidade educativa.
- Desenvolver unha comunicación fluída coa comunidade educativa baseándose no emprego das ferramentas tecnolóxicas, especialmente as corporativas que pon a administración ao noso dispor.
- Mellora da coordinación e da asistencia técnica ao profesorado e ao alumnado a través do uso dos protocolos de incidencias xa deseñados e da información sobre as posibilidades de solucionar problemas informáticos sinxelos.
- Implicar o profesorado na formación e emprego das tecnoloxías.

–Concienciar ao alumnado da necesidade dun uso correcto das tecnoloxías, especialmente no referente á ciberseguridade e ao respecto á propiedade intelectual e á integridade das persoas a través das redes.

7. OUTROS PROXECTOS EN QUE PARTICIPA O CENTRO

7.1. Plan proxecta.

O IES Camilo José Cela leva máis dunha década participando no Plan Proxecta.

► O presente curso continúa a desenvolverse o **Proxecto Terra**, encadrado no ámbito do patrimonio e o desenvolvemento sustentable. O título do proxecto este curso é O ENTORNO NATURAL, HISTÓRICO E ARTÍSTICO DE PADRÓN COMO PUNTO DE PARTIDA PARA UN DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE. A súa temporalización abrangue o curso completo e participa o alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO.

O profesorado e os departamentos implicados este curso no proxecto son:

FRANCISO J. PÉREZ BOO (coordinador). Departamento de Xeografía e Historia.

XOÁN SANTALÓ RÍOS. Departamento de Xeografía e Historia.

NATIVIDAD PARAMÁ FERREIRO. Departamento de Lingua Galega e Literatura.

INGRID VALERO GELI. Departamento de Tecnoloxía.

MARÍA JOSÉ FIGUEIRA FIGUEROA. Departamento de Bioloxía.

LUCÍA REY LORENZO. Departamento de Matemáticas.

LUCÍA GÓMEZ FARIÑA. Departamento de Latín.

MARGARITA CHAMORRO DÍAZ. Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

ANA ISABEL AMIGO GONZÁLEZ. Departamento de Lingua Galega e Literatura.

MARTA DÍAZ FERRO. Departamento de Lingua Galega e Literatura.

MARÍA LORENA GARCÍA CONSTENLA. Departamento de Inglés.

CRISTINA ESTÉVEZ BABARRO. Departamento de Francés.

Como se recolle no punto undécimo da *Resolución do 22 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula o Plan Proxecta+*, a dirección do centro está obrigada a supervisar o desenvolvemento do proxecto e a dar conta del aos órganos de participación e goberno, aos pais e nais e ás institucións que participan no programa. A información realizarase sobre todo a través da CCP e do claustro, para dar conta ao profesorado; a través do Consello Escolar, para dar conta aos pais; e a través da persoa coordinadora, o profesor Francisco J. Pérez Boo, para informar as institucións participantes (fundamentalmente o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Xunta de Galicia e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística).

As **principais actividades** que se desenvolverán serán as seguintes:

- Realización dun traballo por parte do alumnado sobre o espazo xeográfico de Padrón a partir dun mapa topográfico da zona.

- Localización dos principais ríos e afluentes da zona.

- Análise de edificios históricos e artísticos de Padrón.

- Elaboración de maquetas e información dixital.

- Estudos sobre etimoloxía, toponimia e patrimonio cultural da zona.

- Medicións das principais elevacións do contorno.

- Estudo da xeoloxía, da xeomorfoloxía e da vexetación.

► Este curso o centro participa noutro programa incluído no Plan Proxecta: o proxecto **Nutriescolas**. A modalidade solicitada é *Nutriescolas 2* e o proxecto desenvolvido no centro leva o título de NUTRICELA: TODO BEN CLARIÑO. A súa temporalización comprende o curso completo e vai dirixido ao alumnado de 1º, 3º e 4º de ESO.

O profesorado e os departamentos implicados este curso no proxecto son:

MARÍA JOSÉ FIGUEIRA FIGUEROA (coordinadora). Departamento de Bioloxía.

FRANCISO J. PÉREZ BOO. Departamento de Xeografía e Historia.

NATIVIDAD PARAMÁ FERREIRO. Departamento de Lingua Galega e Literatura.

PAULA ROEL ALONSO. Departamento de Bioloxía.

LUCÍA REY LORENZO. Departamento de Matemáticas.

DAVID PÉREZ SANTAMARÍA. Departamento de Educación Física.

MARGARITA CHAMORRO DÍAZ. Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

CRISTINA DE VERA JUÁREZ. Departamento de Artes Plásticas.

CRISTINA ESTÉVEZ BABARRO. Departamento de Francés.

Este proxecto pretende afondar nos hábitos alimenticios da poboación do centro e da súa contorna, promovendo unha alimentación saudable e ecolóxica, variada e que se basee nos alimentos de proximidade. Entre as **principais accións** que desenvolverán encóntranse:

- Mantemento do sitio web *Nutricela*, xa en funcionamento desde a páxina web do IES.
- Publicación de post en redes sociais como Instagram e Tik Tok sobre alimentación saudable.
- Creación de cartaces e exposicións nos corredores do centro sobre hábitos saudables.
- Promoción de alimentación saudable e do consumo de alimentos sans nas instalacións do centro, especialmente na cafetería.
- Análise do etiquetado de produtos alimentarios.

7.2. CpInclúe.

No presente curso, como xa se adiantou anteriormente nesta programación, o centro participa de novo na convocatoria de Contratos programa **CpInclúe** realizada a través da *Resolución do 12 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos-Programa Inclúe (CpInclúe) para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidades para o curso 2023/24*. A solicitude foi presentada en tres modalidades: INCLÚE-T, EMOCIÓN-T e IGUÁLA-T.

► IGUÁLA-T. Nesta modalidade presentouse un proxecto, coordinado pola profesora do Departamento de Lingua Castelá e Literatura MARGARITA CHAMORRO DÍAZ, que implica os seguintes equipos e departamentos:

- Departamento de Francés (Cristina Estévez Babarro).
- Departamento de Física e Química (Sonia Gey Pérez e Manuela Rodríguez Beiro).
- Departamento de Latín (Lucía Gómez Fariña).
- Departamento de Inglés (María Jesús Parajó Franco).
- Departamento de Educación Física (David Pérez Santamaría).
- Departamento de Lingua Galega e Literatura (Natividad Paramá Ferreiro, Marta Díaz Ferro e Ana Isabel Amigo González).
- Departamento de Xeografía e Historia (Francisco Javier Pérez Boo).

A través da participación nesta modalidade desenvolveranse accións encamiñadas fundamentalmente á promoción da igualdade e da coeducación. Vai dirixido a todo o alumnado do centro e desenvolverá medidas relacionadas coas seguintes iniciativas:

- Obradoiro de prevención do acoso escolar e do ciberacoso.
- Dinamización do Recuncho Violeta, espazo do centro dedicado á visibilización da muller e á defensa da igualdade.
- Concursos creativos contra a violencia machista.
- Encontros na aula para a igualdade.

► EMOCIÓN-T. Nesta modalidade, coordinada polo profesor do Departamento de Orientación e PT DENIS CASCALLAR AGRELO, implicáronse os seguintes departamentos e equipos:

- Departamento de Francés (Cristina Estévez Babarro).
- Departamento de Física e Química (Sonia Gey Pérez).
- Departamento de Música (Sonia Rodríguez Díaz)
- Departamento de Matemáticas (Mercedes Ferreiro Castro).
- Departamento de Bioloxía (María José Figueira Figueroa)
- Departamento de Artes Plásticas (Cristina de Vera Juárez).
- Departamento de Inglés (María Jesús Parajó Franco).
- Departamento de Educación Física (David Pérez Santamaría).
- Departamento de Lingua Castelá e Literatura (Nieves Acosta Maceira).
- Departamento de Lingua Galega e Literatura (Natividad Paramá Ferreiro, Marta Díaz Ferro e Ana Isabel Amigo González).

- Departamento de Xeografía e Historia (Francisco Javier Pérez Boo).
- Departamento de Filosofía (Lois Gil Magariños).

Esta modalidade centrarase no desenvolvemento de accións relacionadas coa xestión emocional por parte do alumnado, tan necesaria nestes tempos posteriores á pandemia que marcou emocionalmente os adolescentes. Vai dirixida a todo o alumnado do centro. Desenvolveranse accións como as seguintes:

- Obradoiros de educación afectivo sexual “pornoeducar”.
- Obradoiros de educación emocional EXERIA.
- Actividades enmarcadas centradas no benestar emocional e en desenvolver hábitos de vida saudable.

► INCLÚE-T. Nesta modalidade, coordinada polo profesor do Departamento de Orientación e PT DENIS CASCALLAR AGRELO, implicáronse os seguintes departamentos e equipos:

- Departamento de Francés (Cristina Estévez Babarro).
- Departamento de Física e Química (Sonia Gey Pérez).
- Departamento de Música (Sonia Rodríguez Díaz)
- Departamento de Matemáticas (Mercedes Ferreiro Castro).
- Departamento de Bioloxía (María José Figueira Figueroa)
- Departamento de Artes Plásticas (Cristina de Vera Juárez).
- Departamento de Inglés (María Jesús Parajó Franco).
- Departamento de Educación Física (David Pérez Santamaría).
- Departamento de Lingua Castelá e Literatura (Nieves Acosta Maceira).
- Departamento de Lingua Galega e Literatura (Natividad Paramá Ferreiro, Marta Díaz Ferro e Ana Isabel Amigo González).
- Departamento de Xeografía e Historia (Francisco Javier Pérez Boo).
- Departamento de Filosofía (Lois Gil Magariños).

Nesta modalidade desenvolveranse iniciativas que procuren a concienciación sobre a inclusión social de colectivos de moi diverso tipo. Enmarcaranse estas accións no desenvolvemento do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro. Vai dirixida a todo o alumnado do IES. Desenvolveranse accións como as seguintes:

- Actividades de colaboración coa asociación AMIPA de persoas con diversidade funcional.
- Proxecto de colaboración co cento penitenciario de Teixeira, para a realización de encontros co alumnado
- Obradoiros de prevención da drogadicción.

7.3. Club de lectura.

O proxecto de Club de lectura do IES Camilo José Cela preséntase á *Resolución do 2 de outubro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación educativa, dentro das actuacións para o fomento da lectura no ámbito educativo, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), pola que se incentiva o funcionamento de CLUBS DE LECTURA en centros públicos de titularidade da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que acollan ensinanzas de educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional, tanto en réxime ordinario como de Aprendizaxe Permanente, ou Ensinanzas Artísticas, Idiomas ou Deportivas durante o curso 2023/24.*

O nome escollido para o club de lectura é “Galeano”, en honor ó famoso escritor e xornalista latinoamericano, Eduardo Galeano.

O club de lectura do IES Camilo José Cela existe dende o curso 1994/1995, en que foi posto en marcha pola profesora coordinadora Amalia Villar, que o mantivo ata o curso 1999/2000. A partir do curso 2011/2012, baixo a coordinación de Xaime González Ortega e, posteriormente, de José Antonio Castro Cores e Diego Rojo Garrido, comeza unha nova etapa ata hoxe en día. Desta etapa máis recente data o blog do club, co seguinte enderezo web: <http://clubgaleano.wordpress.com>

O club foi pioneiro neste tipo de iniciativas na nosa comunidade, e foi obxecto mesmo dunha pequena reportaxe na TVG. O proxecto está aprobado polo claustro e o Consello Escolar o 22 de setembro de 2020 e ten o visto e prace da dirección do centro.

► Proxecto do Club de Lectura

FINALIDADES. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR

O Club de Lectura implica un espazo para compartir, intercambiar e expór ideas e opinións sobre as obras lidas. Significa complementar a actividade lectora con outras experiencias que permiten ós seus integrantes desenvolver habilidades e competencias intelectuais e elevar o seu nivel cultural.

Estes son algúns dos obxectivos marcados:

- Potenciar a capacidade de escoita, comprensión e retención.
- Animar á lectura mediante técnicas sinxelas e divertidas adecuadas ás idades dos participantes.
- Reforzar hábitos lectores na xente nova e mellorar a súa capacidade lectora.
- Axudar aos rapaces e rapazas a socializar en torno a unha obra literaria.
- Compartir o lido con persoas de distintos niveis educativos, distintas idades, diversos posicionamentos estéticos e vitais, etc.
- Servir de apoio e estímulo para ler obras e autores variados, representativos de diversas tendencias artísticas e intelectuais, clásicas e contemporáneas.
- Comprender a obra literaria no contexto da súa creación; é dicir, saber que opinan dela o autor, o editor, o crítico literario, etc.

En canto á relación co proxecto lector e a biblioteca, o club intégrase dentro das actividades de animación á lectura do centro e traballa coordinadamente con esta última. Moitas das actividades previstas, e enumeradas a continuación, tentaranse desenvolver en colaboración coa **biblioteca**.

- Coordinación coas Bibliotecas Municipais dos concellos de orixe do alumnado (Padrón, Rois, Dodro, Pontecesures) para proceder á súa visita e participar nas actividades propostas.
- Visita guiada á Biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela na que lles explicaremos o funcionamento da mesma e como localizar os documentos.
- Encontros con autores.
- Obradorios relacionados coa lectura en xornadas culturais do Centro.
- Exposición de traballos nos mesmos paneis.
- Colocación dun taboleiro de suxestión encamiñadas á adquisición de fondos.
- Colocación de noticias o artigos de interese en paneis distribuídos en diferentes ubicacións do Centro.
- Establecemento de puntos de lectura informal fóra da biblioteca.

- Promoción da creación literaria mediante a convocatoria de concursos literarios aproveitando os acontecementos de actualidade.

En canto á relación co **Proxecto Lector** de centro:

- Participación e colaboración na actividade *Hora de ler*. Trátase de que o alumnado de ESO lea na aula textos elixidos polo eles mesmos. Cada grupo terá unha hora semanal de lectura, distribuída no horario de maneira equilibrada.

- Participación no programa *Apadríña un lector*. Un grupo de alumnos e alumnas do noso centro irán ó CEIP Iria Flavia, situado a carón do noso instituto, para lerlles contos ós máis pequenos.

ACTIVIDADES PREVISTAS E ESPECÍFICAS DE IMPULSO Á LECTURA EN GALEGO

- Colaboración coa revista do noso centro Leliadoura.
- Celebración do día das Letras Galegas. Colaboración nas actividades propostas.
- Organización de roteiros literarios para coñecer algúns dos escenarios das obras escollidas.
- Colaboración coas actividades propostas polo Departamento de Galego do Centro e polo Departamento de Normalización Lingüística do Centro.

ACTIVIDADES PARA INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Colocación das normas do club en paneis distribuídos en diferentes localizacións do Centro nas que se deixa claro que é unha actividade para o disfrute. O lector pode levar o seu ritmo nas lecturas e pode acudir ás reunións sen ter lido o acordado. As reunións enfócanse como unha posta en común na que podes intercambiar reflexións sobre personaxes ou situacións, comentar partes e frases do libro que che chaman a atención ou expoñer ideas sobre o mesmo.

COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO. IMPLICACIÓN DOUTRO PROFESORADO DO CENTRO

O club será coordinado pola profesora de música Sonia Rodríguez Díaz, profesora do Departamento de Música do IES Camilo José Cela.

Prevedemos a participación dun grupo en torno a **15 participantes**, e tentaremos captar o maior alumnado posible de 1º ciclo da ESO para garantir a permanencia do mesmo durante varios anos.

FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

O profesorado reúnease a principios de curso para esbozar un plan de acción. Durante o mes de setembro publícase a posta en marcha do Club, así como algunhas das actividades a facer. A partir de entón, o club vaíse reunir no tempo de lecer.

HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL

A previsión para as reunións terá unha periodicidade quincenal e terá lugar no tempo de lecer, de 10:25h. A 10:45h. e/ou de 12:25h. a 12:45h, desde finais de outubro ata o mes de xuño. Ademais dalgún martes de 15:30 a 16:30 h.

En épocas de exames ou finais de avaliación as reunións poderán ser de xeito menos sistemático.

MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

Mantemento do **blog** <http://clubgaleano.wordpress.com>

Colocación dun taboleiro de avisos na biblioteca e outro na entrada do centro onde se publiciten as actividades do club.

7.4. Club de Ciencia.

O proxecto de Club de Ciencia solicitouse ao abeiro da convocatoria realizada a través da *Resolución do 17 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación*

educativa “Club de Ciencia” para centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2022/23.

Esta iniciativa está coordinada pola xefa do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, a profesora MARÍA JOSÉ FIGUEIRA FIGUEROA e aglutina aproximadamente a 35 alumnos e alumnas de 4º de ESO e de 1º e 2º de BAC.

O proxecto do Club de Ciencia pretende desenvolver o espírito crítico e a motivación do alumnado para os estudos do ámbito científico e tecnolóxico, impulsando no alumnado as “vocacións STEM”, moi especialmente entre as mozas. Isto materialízase a través dunha aprendizaxe non formal cunha metodoloxía atractiva baseada no autodescubrimento e no traballo colaborativo.

O Club de Ciencia, de acordo coas instrucións da convocatoria, desenvolverase fóra do horario lectivo, no noso caso os martes de 14:30 a 16:00 e/ou en determinadas tardes non lectivas que se programarán informando o consello escolar.

No presente curso programaranse accións como as seguintes:

- Formación de monitores que guíen as actividades do club.
- Modelización por medio da construción de modelos moleculares de Química orgánica e bioquímica.
- Preparación de xel hidroalcohólico.
- Extracción do ADN dos pementos de Padrón.
- Investigación sobre os fungos da comarca (continuación do Proxecto fungos).
- Deseño dun xardín no IES.
- Actividades lúdicas sobre os elementos químicos e a táboa periódica.
- Realización dun herbario da comarca de Padrón.

7.5. CpInnova.

No presente curso o noso centro participa por primeira vez na convocatoria da *Resolución do 22 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos-Programa Innova (CPInnova) para fomentar a innovación educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2023/24.*

O IES Camilo José Cela participa na modalidade 4, **O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).**

(EDUsostibilidade). Nesta liña desenvolverase un traballo de concienciación medioambiental do alumnado a través de diferentes actividades. Participará alumnado de 1º de ESO. As actividades deseñadas centraranse no coñecemento do bosque atlántico, das especies autóctonas e das accións necesarias para a súa conservación e posta en valor.

O proxecto será desenvolvido polas docentes do Departamento de Bioloxía, sendo a profesora deste departamento, PAULA ROEL ALONSO, a coordinadora.

7.6. Polos Creativos.

No presente curso, o IES Camilo José Cela tiña previsto solicitar, e así o aprobou en claustro e consello escolar, o programa de innovación educativa Polos Creativos, ao abeiro do disposto na *Orde do 21 de abril de 2022*. Pero a publicación no mes de outubro da *Orde do de 2023 pola que se dá continuidade ao programa de innovación educativa Polos Creativos e se establecen instrucións para o seu desenvolvemento nos centros educativos dependentes da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para os cursos 2023/24 e 2024/25 estendeu esa convocatoria a todos os centros.*

Polo tanto, o noso centro queda automaticamente integrado na rede dos Polos Creativos da consellaría e está á espera da chegada do equipamento necesario para desenvolver este programa. Como inicio das actuacións, xa algúns departamentos presentaron propostas de actividades para desenvolver no marco do programa. Ademais, coa colaboración da Xefatura Territorial, a antiga vivenda do/a conserxe vai ser rehabilitada e acondicionada para crear un amplo espazo multifuncional onde se poderán desenvolver, entre outras, as accións relacionadas cos polos creativos.

7.7. Talentos inclusivos.

O noso centro participa este curso na convocatoria publicada na *Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a IV edición do programa educativo Talentos Inclusivos dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no curso 2023-2024.*

Trátase dun programa no que alumnado de 1º de ESO do centro colaborará con investigadores/as do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das comunicacións (CTIC) da Universidade da Coruña e con profesionais de ASPACE para a creación colaborativa de solucións tecnolóxicas que faciliten a vida das persoas con parálise cerebral. A persoa coordinadora deste programa é CRISTINA DE VERA JUÁREZ, Xefa do Departamento de Artes Plásticas e profesora de Tecnoloxía en 1º de ESO. Con ela colaborará PAULA ROEL ALONSO, docente de Bioloxía e de Tecnoloxía en 1º de ESO.

No momento de redactar esta programación aínda non se fixo pública a resolución da convocatoria. En principio, o IES Camilo José Cela participaría en dous retos (a iniciativa estrutúrase por retos propostos polos investigadores do CTIC) con dous grupos, un por cada reto.

Padrón, 14 de novembro de 2023.

Asinado electronicamente, o director

Manuel González Alvarellos